

SOCIEDADE E CULTURA: CONVIVENCIA DAS TRES RELIXIÓNS: XUDEUS, CRISTIÁNS E MUSULMÁNS

Durante a Idade Media coexistiron no territorio peninsular xudeus, musulmáns e cristiáns, establecéndose entre estes grupos relacións complexas. Estas foron en ocasións pacíficas, con intercambios culturais, comerciais e científicos. Porén, tamén houbo tensións, conflitos e persecución relixiosa.

Xudeus e mudéxares
Xudeus



- Os **xudeus** vivían en barrios urbanos propios, chamados alfamas ou **xuderías**. Eran prestamistas, médicos, artesáns especializados e funcionarios de confianza dos reis, como conselleiros, tesoureiros ou recadadores de impostos.

Mudéxares



- Os **mudéxares** eran os musulmáns que, tras a conquista, quedaron en territorio cristián. Vivían en barrios urbanos propios, chamados **mourerías**, e eran pequenos artesáns ou traballaban no campo a terra dos señores cristiáns.

Intercambios culturais:

8.1 O rexurdimento cultural

Na Plena Idade Media produciuse certo rexurdimento cultural nos reinos peninsulares, caracterizado polos seguintes trazos:

- **A convivencia das culturas musulmá, cristiá e xudía.** O seu principal lugar de encontro foi a **Escola de Tradutores de Toledo**, que alcanzou o seu maior esplendor no século XIII baixo o reinado de Afonso X. Nela, árabes, xudeus e cristiáns traducían do árabe ao latín ou ao castelán obras gregas, latinas e orientais traídas polos musulmáns á Península desde Oriente.

A Escola de Tradutores de Toledo



Afonso X o Sabio na Escola de Tradutores de Toledo. A cidade de Toledo converteuse, a partir do século XII, nun lugar de convivencia de cristiáns, musulmáns e xudeus. No século XIII, baixo o patrocinio de Afonso X o Sabio, formouse nela unha escola de tradutores de gran relevancia.

Exercicios

1. Cales eran as tres relixións que coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media?

2. Define:

- **Xudería**

- **Mudéxar**

- **Mourería**

3. Explica en que consistiu a labor da Escola de Tradutores de Toledo. Que grupos relixiosos formaban parte dela?

BAIXA IDADE MEDIA (SÉCULOS XIV-XV)

SÉCULO XIV: Expansión territorial e crise

No século XIV, todos os reinos peninsulares sufriron unha grave crise que afondou os seus conflitos internos. A pesar diso, continuaron a súa expansión territorial.

- Castela iniciou a súa expansión atlántica.
- Aragón continuou coa súa expansión mediterránea .

A crise do século XIV manifestouse nos reinos peninsulares en diferentes ámbitos:

- **Crise demográfica:** fréase o aumento da poboación pola incidencia de fames e da peste.
- **Crise política:** constantes enfrontamentos polo control do poder político, multiplicándose as guerras e a inestabilidade.
- **Crise económica:** A agricultura sufriu os efectos das malas colleitas, das guerras e do despoboamento do campo causado pola peste. A artesanía entrou en crise, polo descenso da demanda, e o comercio resentíuse da crise agraria e artesanal.
- **Crise social:** No campo, os señores incrementaron as súas esixencias sobre o campesiñado, ocasionando revoltas. Nas cidades, as revoltas estiveron protagonizadas por artesáns empobrecidos. A crise recuou o odio cara aos xudeus, provocando frecuentes ondas de antisemitismo e o asalto dalgunhas xuderías.

SÉCULO XV: recuperación económica

– A agricultura incrementou a produción de cereais e estendeu os cultivos comerciais, como a oliveira e a vide en Castela e os produtos de horta en Aragón.

– A gandería ovina cobrou un grande auxe.


– A artesanía beneficiouse da recuperación demográfica, e o comercio alcanzou un gran dinamismo, o que orixinou institucións públicas de crédito

Exercicios

1. Relaciona cada un dos seguintes mapas co reino que realizou a expansión territorial representada na Baixa Idade Media: Castela (cara ao océano Atlántico) ou Aragón (cara ao mar Mediterráneo).



Conquista de las Islas Canarias



2. Señala los distintos ámbitos que se vieron afectados pola crise do século XIV nos reinos peninsulares. Pensas que teñen relación uns cos outros? Xustifica a túa resposta.